

Algúns nomes de lugar da parroquia de Lérez

Xosé Afonso Álvarez Pérez

Os topónimos caracterízanse polo perdurar no tempo. Non é frecuente que un nome tradicional cambie, nin sequera pola chegada doutros pobos, que adoitan manter as denominacións tradicionais, especialmente as dos pequenos lugares. As formas escollidas polo home para nomear o seu entorno son unha pequena máquina do tempo, que nos conecta co momento en que se lle deu nome a esa zona, e as circunstancias que rexían daquela: aínda que xa pasaron anos desde que se deixaron de abrir as sardiñas na Xunqueira para obter graxa das súas tripas, aínda queda o nome **Magueiro**¹ para dar testemuño da enorme importancia da industria peixeira en Pontevedra xa desde o s.XIII. Do mesmo modo, aínda que non quedasen noticias nin vestixios da entrada de pobos xermánicos en Galicia, unha simple ollada ó nome *Santa María de Godos* en Caldas (vila de augas termais, como nos indica o seu nome) ou a *San Martiño de Suevos*, en Arteixo, levantaría moitas sospeitas.

Dos dous topónimos máis significativos da nosa parroquia xa tratou Xosé Abilleira, nesta mesma revista: de **Cedofeita** no número tres e de **Lérez** no

número catro. Aquí tentarei facer un repaso por algún nome de lugar significativo, ofrecendo unha suxerencia de interpretación etimolóxica.

No 1847 publicábase o *Diccionario Geográfico-estadístico-histórico de Madoz*, que na entrada referida a Lérez recolle nomes que podemos recoñecer perfectamente século e medio despois:

Tiene 470 casas repartidas en los lugares de Arco, Casaldorado, Casalnovio, Castelo, Ciurelo (sic), Couxo, Crucero, Encruces, Fontaina, Gándara, Outeiro, Piedra-Picada, Piolla, Puerta la Coja, Ramallas, Reguieras, Remiseiro, Socorro y Latorre.

Obsérvase nos nomes lerezáns que cita Madoz un caso interesante de confusión que perdura ata os nosos días: a forma **Casal Dorado**, da que chegou a existir unha forma galeguizada **Casal Dourado**. Ademais da dificultade que entrañaría relacionar un grupo de casas co ouro, os documentos históricos ofrécennos unha interpretación máis verosímil, que parte da forma **Casaldaraldo**, (simplificada máis tarde en **Casalda-**





rado, que é hoxe a recoñecida como forma oficial), isto é, "Casal de Daraldo", en referencia seguramente ó fundador ou administrador dese lugar. Xa no documento de doazón do mosteiro de San Salvador de Lerez polo Rei Ordoño II, do ano 916, se di:

- *Addimus etiam ibi homines de nostra creatione: scilicet Daraldo & Dosevio, habitantes in Villa Lerz, & Sisnando cum filiis suis Pepi & Justario.*

(E tamén engadimos alí homes da nosa servidume, a saber, Daraldo e Dosevio, habitantes na vila de Lerez e Sisnando, cos seus fillos Pepi e Justario)

Atopamos por toda Galicia ocorrencias de "casais" denominados con nome de persoa: *Casas das Donas, Casal de Bispo, Casaldabade*,... Debido á súa menor antigüidade (en comparación) aparece tamén en Lerez a denominación **Casal Novo**. Está moi estendido na toponimia o procedemento de distinguir dous obxectos semellantes coa parella "novo" / "vello", como nolo testemuña o propio nome da cidade, **Pontevedra**, resultado co pasar do tempo do sintagma *Ponte(m) vetera(m)*, isto é, "ponte vella".

Nese mesmo documento fálase do río de Couso e, como sinónimo, do *fluvius de Causso*, formas que continúan un milenio máis tarde no actual **Couso**. O Padre Sarmiento, tan coñecedor de Lerez, deixou escrito no seu **Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega**: En las mon-



tañas de Samos llaman al agujero, foso (o foxo) que se hace para coger lobos, etc., y así la voz couso, tan común en Galicia, se debe entender. Sen embargo, noutra edición da mesma obra diranos: Alí Corren Lebres. Alí de illic; corren de curro, -is, y de currere: correr. Aquí es verbo de caza o montería; y de cursus, el lugar en donde se hacía la correría, corso, y después coso, y en gallego couso, por lo que en Galicia hay infinitos sitios llamados dô Couso. Non é este o lugar para perderse en sutilezas filolóxicas, pero ten bastantes posibilidades de estar no certo, e posiblemente tamén xogase un papel importante o cruce coa palabra *couto* 'terreo con límites fixados'



Outro caso interesante é o da actual **Porta do Sol**. Esta forma non é considerada forma oficial no Nomenclator do Concello (aparece no seu lugar a *Porta da Coxa*, xa citada por Madoz), quizais por considerala non autóctona. Durante



toda a Idade Media, recibiron o nome de *Porta do Sol* unha chea de portas de entrada de muros orientadas cara ó leste; así se chama unha das portas que se conservan do castelo de Santarém (s. XIV) e así se chamaba tamén unha das portas da vila de Padrón, ademais da famosa praza

madrileña, que recibe ese nome xa no s. XV. É perfectamente posible, entón, que o nome lerezán estea motivado polo enorme simbolismo que ofreceu o sol, a luz, o dador de vida, ó longo dos tempos, pero esta posibilidade tería que ser corroborada mediante un estudo da documentación dispoñible que verifique esta hipótese, pois tampouco se pode excluír *a priori* unha denominación moderna. Habería tamén que indagar sobre a explicación de "da Coxa"; a "coxa" é normalmente a parte da perna, de persoa ou animal, que vai da cadeira ó xeonllo.

O nome **Outeiro** non é certamente orixinal: hai rexistrados máis de 550 *Outeiros* en toda Galicia como nome de lugar e unhas dúcias máis con distintas derivacións (*Outeiriño, Outeiral,...*). A súa etimoloxía é latina, dun latín *altariu*, derivado de *altus*, 'alto'. Vista a súa enorme difusión, non é raro que o falante sentise a necesidade de especificar: se hai máis dun *Outeiro* na parroquia, será ben que estea claro a cal nos referimos, para evitar confusións; así, nacen o **Outeiro dos cestos** e o **Outeiro dos cans**. Estas denominacións presentan problemas para a súa explicación, especialmente canto máis antigas: chámase así a primeira porque nalgún momento existiu unha familia de cesteiros ou porque alí se atopaba boa materia prima para a fabricación deses útiles? Quizais porque había algunha pedra que podía recordar esa figura cóncava (unha comparación que tamén está na base da **Pedra Picada** ou do **Monte das Pías**)? A resposta a preguntas deste tipo é laboriosa para o investigador de hoxe en día, implicando sempre o manexo de documentación específica (por exemplo, censos e catastros).

Se os *Outeiros* son numerosos, non quedan atrás as *Fontes*; hai recollidos no Nomenclátor ó redor de 340 lugares en Galicia que teñen no seu nome esa palabra, ós que hai que engadir formas como *A Fonsagrada* ('fonte sagrada'). No caso de Lerez temos **A Fontañía** e tamén a **Fonte Cortiza**. Para o elemento *Cortiza*, dúas son as interpretacións con máis forza: a referencia á árbore, tamén coñecida como sobreira, ou a conexión con colmeas (especialmente as feitas coa casca desa árbore); ó se tratar dun sitio rico en auga, seguramente é máis plausible a primeira

das posibilidades. No documento xa citado de Ordoño II fálase dunha **Fonte Gramal**, que perdura ata hoxe, con perda do primeiro elemento; como salta á vista, é un lugar no que abonda a grama, unha planta medicinal que consta de varias especies. É un recurso moi frecuente na designación toponímica acudir a elementos naturais ou artificiais facilmente recoñecibles (outeiros, castelos, árbores, vexetación, fontes...: **O Arco, A Torre, O Castelo, [Os] Ramallás...**) e así se ve tamén nos nomes tradicionais das rúas das cidades, progresivamente substituídos na nomenclatura por salvadores de patrias, insignes políticos e demais xente de ben; con todo, aínda se poden atopar núcleos "de resistencia", coma o casco vello de Santiago, que conserva a *Calderería, a Pescadería Vella, o Preguntoiro* (en orixe, o lugar onde se publicaban os pregóns), a *Quintana* (adro de igrexa, que adoitaba servir tamén de cemiterio), a *Acibechería*... toda unha memoria histórica da cidade.



Ata agora falei de nomes "transparentes", que deixaban ver ás claras a súa orixe, pero hai algún que xa non salta a simple vista. **As Cernadas** significa "as queimadas", pois provén do latín *cinerata*, derivado de *cinis*, "cinza"; fai referencia a unha práctica agrícola tradicional consistente en queimar terras virxes para permitir o seu posterior cultivo. É unha denominación moi estendida en Galicia, xa desde antigo (un documento notarial do 1092 dá *Cernada* como nome de lugar). **A Cendona** podería porse en relación con toda unha serie de topónimos galegos: *Cende, Cendón, Sende, Sendón, Sendín, Cendemil, Esposende,...* Todos eles compartirían unha raíz de orixe xermánica **sinths* 'camiño' (ou tamén

**kinths* 'neno', ambas confluíron na súa pronuncia e non é posible distinguilas). Agora ben, un afeccionado á literatura de misterios podería, fantaseando un pouco, argumentar que esta zona da nosa parroquia foi lugar de exposición da Sábana Santa, pois unha designación para esa tea (que está na base do italiano *Sindone*) parte do grego *sindón*, *sindónos*. Con este guiño irónico quero chamar a atención sobre o feito de que, desde sempre, os nomes de lugar foron utilizados para construír unha historia mítica. Así, por ir a un caso concreto galego, o nome *Tudai* (a denominación indíxena, prerromana, do actual Tui) foi interpretado como o nome do heroe etolio Tídeo, pai de Diomedes, que tras a guerra de Troia non pode volver á súa cidade, polo que se ve obrigado a vagar polo mundo, fundando varias poboacións. Este recurso ó mito para enobrecer a cidade é o que está tamén na orixe do famoso *Fundote Teucro valiente...* do concello de Pontevedra.



Tamén é de orixe xermánica o nome **Rorís**, formado, coma **Casaldarado**, sobre un nome de persoa. Neste caso, o nome é *Roderico*, do que nace o actual Rodrigo. A formación de nomes de lugar sobre un nome de persoa de tipo xermánico, expresado cun xenitivo -ICI, está na base de moitos nomes de lugar: *Gunduriz*, *Toiriz*, *Guitiriz*, *Beariz*, *Mondariz*...

Cimbelo presenta maiores dificultades. En galego existe a palabra *cembo*, que significa 'talude vertical entre dúas terras de nivel desigual, pequenas elevacións do terreo en camiños e sendas' e este podería ser un diminutivo desa voz topográfica. Non hai no Nomenclátor ningún no-



me similar, pero si que hai dúas mencións a un *cimbellum* nun documento do 1247 do mosteiro de San Clodio do Ribeiro (et quomodo diuidit de Apanadas, et deinde ad ipsum cimbellum, ubi incoquimus // illud nostrum terrenum de Sub Apanadas, et diuidit per ipsum cimbellum de ipso penedo de circa Apanadas).

Por último, pódese citar unha serie de topónimos que precisan dun estudo máis profundo para determinar unha filiación e interpretación etimolóxica. Hai tres **A Piolla** na provincia da Coruña (Bergantiños, A Baña e Ordes), que presumiblemente comparten a orixe da forma *lerezá*; non parece que teña moito a ver a definición habitual de *piolla*: 'manchas que colle a roupa cando se garda mollada'. Do **Socorro** tampouco se pode dicir moito; na Laracha (A Coruña) existe unha parroquia dedicada a Santa María do Socorro, será o noso caso tamén unha advocación á Virxe?

Como se puido ver, os topónimos son Historia, cada nome de veiga, de parroquia, de lugar... ten asociada unhas vivencias particulares, e a desaparición dese nome implica a morte desa visión particular do mundo.

¹Como é sabido, as magas son os intestinos dos peixes, que se recollían en caldeiros para fabricar graxa; no 1229, Pontevedra obtivo o privilexio da exclusividade da súa elaboración.